



ACTA Nº 2022/13

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 25 de novembro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS:
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SARA BEIRO BLANCO
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
SECRETARIA
ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA
ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 27 de outubro de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS



2. Proposta da alcaldía relativa a: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº 2: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO RÚA MAGDALENA CON NRE 202299900001489 DE DATA 13 DE OUTUBRO DE 2022. PLAN: POS+ADICIONAL 2/2021 EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000013.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 17 de novembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº 2: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO RÚA MAGDALENA CON NRE 202299900001489 DE DATA 13 DE OUTUBRO DE 2022. PLAN: POS+ADICIONAL 2/2021 EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000013.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº 2: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO RÚA MAGDALENA CON NRE 202299900001489 DE DATA 13 DE OUTUBRO DE 2022.

PLAN: POS+ADICIONAL 2/2021

EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000013.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os seguintes **ANTECEDENTES RELEVANTES**:

Aprobación do proxecto inicial polo Pleno da Corporación en data 29 de xaneiro de 2021 Expediente de contratación Nº 2021/C003/000013.
Acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xaneiro de 2022 relativo a adjudicación da obra. Formalización contrato de data 14 de xaneiro de 2022 entre o Concello de Cee e EXCAVACIONES POSE SL.
Acta de Implantación negativa de data 15 de febreiro de 2022.
Acordo da Xunta de Goberno Local autorizando o redactor do proxecto á modificación do mesmo. Proxecto Modificado Nº 1: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA, con NRE 202299900000942 de data 22 de xuño.
Informe de supervisión favorable emitido polo SATM.
Informe técnico municipal de data 8 de agosto de 2022.
Informe conxunto de Secretaría e Intervención.
Certificado de aprobación modificado nº 1.
Requirimento Deputación.
PROXECTO MODIFICADO Nº 2: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO RÚA MAGDALENA CON NRE 202299900001489 DE DATA 13 DE OUTUBRO DE 2022.
Informe técnico municipal de data 3 de novembro de 2022.
Informe conxunto de Secretaría e Intervención emitido o 9 de novembro de 2022.

Considerando o último requirimento efectuado pola Deputación Provincial, que literalmente indica, que é necesario:

- 1- Aprobación, polo órgano competente do concello, do proxecto modificado asinado dixitalmente en data 13 de outubro de 2022 polo arquitecto José Carlos Leis Caruncho e que foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos desta deputación.*
- 2- O informe xurídico de Secretaría favorable á modificación a que se refire o apartado 8 da Disposición*



Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3- Novos Anexos cumprimentados cos datos referidos a este novo proxecto modificado asinado dixitalmente en data 13 de outubro de 2022, a excepción do Anexo V, que xa consta achegado ao expediente o 17 de outubro de 2022. Dado que no dito Anexo V se fai referencia a que para a execución do investimento nos termos do proxecto modificado é necesaria autorización sectorial de Patrimonio Cultural e que esta consta como concedida no expediente, será necesario que o concello achegue un informe técnico que acredite que o dito proxecto modificado informado favorablemente polos servizos técnicos deste deputación cumpre coas condicións establecidas na autorización sectorial de Patrimonio Cultural xa concedida. En outro caso será necesaria a obtención de nova autorización sectorial.

4- Informe da xustificación da modificación do proxecto emitido por técnico competente.

Non é válido en tal sentido o informe que consta no expediente asinado dixitalmente polo arquitecto redactor do proxecto José Carlos Leis Caruncho o 12 de abril de 2022 porque no seu punto 3 fai referencia á necesidade de redacción dun proxecto modificado que aumentaría o orzamento da obra case un 20% do presuposto inicial; e dada a vía elixida para a tramitación do modificado é preciso que se corrixa o dito informe para adaptar a porcentaxe do incremento do orzamento do proxecto modificado no sentido que o incremento do orzamento deste proxecto modificado non excede do 15% respecto do orzamento do proxecto inicial, condición necesaria para non ser considerada esta modificación como unha modificación substancial, adaptándose ao incremento que efectivamente consta no proxecto modificado asinado dixitalmente o 13 de outubro de 2022 e supervisado favorablemente polos servizos técnicos desta deputación. En tanto non consten no expediente as autorizacións necesarias en relación co dito proxecto modificado, así como a restante documentación esixida, non poderá continuarse coa tramitación do expediente.

Pola presente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto Modificado Nº 2: RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA MAGDALENA, con NRE 202299900001489 DE DATA 13 DE OUTUBRO DE 2022 redactado por D. José Carlos Leis Caruncho, Arquitecto Colexiado Nº 1600.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcadesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG e 4 votos a favor dos grupos políticos PSOE e IXCee.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

Asinado dixitalmente o marxe."

-----INTERVENCIÓNS-----

Non se producen.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.



3. Proposta da alcaldía relativa a APROBACIÓN PLAN ACTUACIÓNS PARA A REDUCIÓN DAS PERDAS DE AUGA NO SISTEMA DE ABASTECIMENTO O ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DO 23 DE XUÑO DE 2022. EXPEDIENTE N.º: 2022/A008/000041

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 17 de novembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"3. Proposta da alcaldía relativa a APROBACIÓN PLAN ACTUACIÓNS PARA A REDUCIÓN DAS PERDAS DE AUGA NO SISTEMA DE ABASTECIMENTO O ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DO 23 DE XUÑO DE 2022. EXPEDIENTE N.º: 2022/A008/000041

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PLAN ACTUACIÓNS PARA A REDUCIÓN DAS PERDAS DE AUGA NO SISTEMA DE ABASTECIMENTO O ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DO 23 DE XUÑO DE 2022.

EXPEDIENTE N.º: 2022/A008/000041

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a RESOLUCIÓN de AUGAS DE GALICIA do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301C).

Vista a concesión da subvención que obra no expediente co seguinte detalle da axuda concedida:
Actuación: AUDITORIA MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA. CONCELLO DE CEE Importe da subvención: 8000€

Resultando que o artigo 4 das bases reguladoras establece:

"(...) 1. Serán subvencionables os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2022 destinados á elaboración de auditorías municipais dos seus sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa para minimizar as perdas de auga, sempre que se refiran a traballos que non estean completamente executados no momento de presentación da solicitude de subvención.

As auditorías municipais dos sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa para minimizar as perdas de augas deberán ter o seguinte contido mínimo:

(...)

Un plan de actuacións aprobado polo concello para minimizar as perdas de auga dos sistemas de abastecemento á poboación nos seguintes catro anos, dando cumprimento á disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, que conteña, como mínimo:

Medidas e actuacións para a redución dos consumos autorizados non rexistrados.



Medidas e actuacións para a redución das perdas aparentes (erros de medición, erros de lectura, consumos non autorizados).

Medidas e actuacións para a redución das perdas reais.

Todas as medidas propostas deberán estar totalmente definidas e detalladas coa súa localización concreta, valoradas economicamente e programadas temporalmente no prazo de catro anos desde a aprobación en pleno. (...)"

Pola presente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o PLAN DE ACTUACIÓNS PARA A REDUCIÓN DAS PERDAS DE AUGA NO SISTEMA DE ABASTECIMIENTO asinado o 28 de outubro de 2022 por D. Luis Matovelle Gómez, en representación de ACOTA, ARQUITECTURA, URBANISMO Y CONSTRUCCION, SL.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a o ente subvencionador e dar a tramitación que legalmente veña establecida na Resolución de concesión e Lei 9/2019, do 11 de decembro.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: : 3 abstencións dos grupos políticos IXCee e BNG e 4 votos a favor dos grupos políticos PSOE e PP.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Non se producen.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

4. Declaración Institucional da Corporación do 25 de novembro de 2022. DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego, o día xoves 17 de novembro de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

Resulta ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte Declaración:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DE CEE 25 de novembro de 2022



DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

O 25 de novembro, día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, ten como finalidade visibilizar a violencia contra as mulleres e as nenas a nivel mundial, máxime tendo en conta que este tipo de violencia adoita producirse na esfera privada das persoas.

Non debemos esquecer que a pesar da crise que estamos padecendo a nivel mundial que ocupa cada día os titulares dos medios de comunicación e dos innegables avances acadados en materia de igualdade, a violencia de xénero, desgraciadamente, segue a cobrarse vítimas mortais.

Desde o ano 2003 ata o día de hoxe **1.168** mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex parellas e no que vai de ano 2022 morreron ás mans dos seus agresores 38 mulleres.

Cómpre lembrar que ademais dos asesinatos machistas, hai outras violencias cara ás mulleres que acarream consecuencias moi graves. O acoso sexual, os abusos, as agresións sexuais, a explotación sexual, a violencia psicolóxica. E a Corporación, como axente activo debe asumir a súa responsabilidade contribuíndo a que esta realidade non se normalice e non pase desapercibida.

O noso compromiso político de Tolerancia cero seguirá desenvolvéndose a través de diversas actividades de sensibilización e concienciación co fin de conseguir a erradicación de calquer tipo de violencia contra a muller.

Así, dende a Corporación de Cee:

1º.- Seguiremos traballando co resto de institucións dentro do marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

2º.- Adherímonos un ano máis á campaña "DE FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO", da Área de Igualdade da Deputación da Coruña,

3º.- Damos continuidade á campaña "CEE CAMIÑANDO POLA IGUALDADE" na que se desenvolveron distintas actividades ao longo deste ano en prol da igualdade e da loita contra a violencia de xénero

4º.- Levaremos a cabo o III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

E por suposto, seguiremos día a día a través do CIM, apoiando ás vítimas, dando acollida a todas as demandas formuladas polas mulleres da contorna, prestándolles unha asistencia integral e traballando desde o mesmo para sensibilizar e concienciar á toda a veciñanza, co fin de fomentar a igualdade e prever calquer comportamento machista.

A procura do fin da violencia de xénero é un deber que temos como sociedade. Non podemos, non debemos e sobre todo non queremos parar nesta loita.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Non se producen.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



DE GOBERNO.

5. Dar conta de Resolúcións da Alcaldía para coñecemento: Da N° 980/2022 do 21 de outubro á N° 1071/2022 do 17 de novembro.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

Sr Domínguez Louro di que ten tres mocións.

Sr Domínguez García di que a de Xeal...

Sra alcaldesa di que nos a íamos traer pero si a presenta o Bng

Sr Domínguez García: si non a presentara traíase igual ou non?

Sra alcaldesa: é a mesma.

Sr Domínguez García: si non a presentara ningun grupo.

Sra alcaldesa: o partido socialista a ía presentar a temos aquí preparada pero para debater dúas iguais.

Sr Dominguez Louro: di que ten tres mocións a xustificación é que se levan presentando así todo o mandato e pedimos que se acepte

Moción relativa á reivindicación do 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista no contexto de crise de prezos e de rearme do machismo

Ratifícase a URXENCIA por UNANIMIDADE

Sr Pérez Martínez lee:

Exposición de motivos:

A violencia machista segue forte na nosa sociedade, como mostra da vixencia do sistema patriarcal. Proba disto son, por exemplo, os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.

Nun contexto onde, ademais, medran os discursos misóxinicos que cuestionan a desigualdade e a violencia machista, é necesario que as administracións revaliden o seu compromiso co impulso e o apoio económico das medidas en materia de fomento da igualdade e loita contra estas violencias.

Entre os recursos máis importantes cos que conta o noso país están os Centros de Información ás Mulleres, cunha rede importante mais que aínda arrastra carencias como a falta de cobertura ao longo do territorio ou a insuficiencia dos cadros de persoal.

É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.

A respecto do financiamento, a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM e que é de 45.000 euros, no caso de que se



trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal e os perfís profesionais dos que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento, tal e como sinalou a FEGAMP no seu primeiro Informe sobre a acción dos concellos galegos. Estas limitacións orzamentarias, en canto á achega da Xunta de Galiza e as dificultades dos concellos de incrementar as súas achegas, deriva en que o groso dos recursos económicos vaian dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.

Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Neste contexto, aínda que temos avanzado, queda moito por facer e estamos nun momento histórico de ameazas de retroceso en materia de igualdade. Polo tanto, é necesario dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM. Este é un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por estes motivos, é preciso comprometémonos co seu fortalecemento, ademais de revalidar o compromiso coas mobilizacións feministas e demandar das institucións o mantemento dos compromisos económicos coa igualdade e a loita contra a violencia machista

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Expresar o apoio da corporación de Cee ás mobilizacións feministas convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista.

2.- Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

3.1- O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

3.2- Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custes de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros.

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada por unanimidade.

Sr Domínguez Louro: a segunda moción a razón por urxencia é como se leva facendo dende este mandato e a segunda unha moi similar foi presentada o 7 de setembro e a todos os grupos e o goberno e non foi traída o pleno e polo tanto esta vez decidimos que nos a iamos traer para que non quedase no caixón do esquecemento.

Sra alcaldesa: o día 7 de setembro non o presentaban como moción foi contestado pola alcaldía o mes de outubro hoxe traíamos igualmente para presentar a moción porque o presentaron despois como moción pero si o presenta un grupo non é necesario presentalo polos dous grupos.



Ratifícase a URXENCIA por UNANIMIDADE

Sr Domínguez García critica a forma de presentar as mocións porque non hai tempo de velas chegadas aquí e hai que decidir si ou non.

Sra alcaldesa: esta a coñecen todos os grupos

Sr Domínguez García: Esa si pero a que acabas de ler Cesar e a posterior vémolos agora mesmo é difícil pronunciarse dunha cousa que tes que consultar

Sr Domínguez Louro: antes de lela coincido co PP e creo que se debería volver o anterior modelo, procede a lectura:

O comité de empresa de Xeal, ante a situación reiterada de incumprimentos concesionais por parte da empresa que provoca un desmantelamento progresivo das fábricas, o recorte drástico da produción e dos postos de traballo e das condicións laborais e salariais e a complicidade da Xunta de Galicia, presenta texto como MOCIÓN para o debate en pleno ao abeiro do regulamento orgánico municipal, con seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A empresa XEAL explota recursos naturais de Galiza e da Costa da Morte, beneficiándose de concesións públicas supeditadas ó mantemento e xeración de posto de traballo, así como da declaración de utilidade pública para a expropiación de terreos (de maneira forzosa) para a construción das Centrais hidroeléctricas. As actividades de xeración de enerxía eléctrica e de fabricación de ferroalixes forman unha unidade produtiva única e é unha obriga legal. Despois dos fallidos intentos de segregación das actividades por parte de Ferroatlántica, non autorizadas e ratificadas polo TSXG, asistimos a un novo intento de segregación encuberto das actividades coa venda entre o grupo Ferroatlántica e o fondo americano Sixth Street Partners e Ithaka e o consentimento ou silencio da Xunta de Galiza (Augas) que este comité viuse na obriga de demandar por vía Penal.

Desde esta venda (agosto do 2019) e constitución da nova sociedade XEAL a realidade é que a empresa nunca presentou un plan viabilidade e pola contra a situación nas fábricas é do desmantelamento progresivo, un recorte drástico da produción (a día de hoxe só hai un forno en marcha en cada fábrica Cee e Dumbría), dos postos de traballo, cunha perda de máis de 30 postos fixos e aproximadamente 80 eventuais e a practicamente desaparición de industria auxiliar.

A empresa ademais está atacando as condicións laborais nestos centros de traballo, condicións conquistadas historicamente polos traballadores e traballadoras debido as duras condicións e uns dereitos adquiridos que a empresa pretende arrebatar, non recoñecendo do convenio colectivo propio, tamén recorrido polo comité, que é de xustiza social pola espoliación dos nosos recursos naturais.

O comité de XEAL entendemos, que Augas de Galiza debe esixir á empresa un plan de viabilidade que contemple un incremento do emprego no complexo enerxético- industrial na mesma proporción que o aumento do caudal de auga solicitado para subir a produción de electricidade e deste xeito dar debido cumprimento á cláusula esencial das concesións, que vincula a produción de enerxía á produción de ferroalixes nas fábricas de Cee e Dumbría.

XEAL pretende ampliar para sacar maior tallada do negocio eléctrico, nun momento ademais no que os prezos da enerxía están desbocados sen contrapartida algunha e o peor nun proceso de desmantelamento da actividade industrial e emprego.

Non hai que esquecer que o dereito de explotación das centrais da Costa da Morte ten unha condición esencial -e única no contexto dos aproveitamentos hidráulicos en Galiza- , que é a súa vinculación co

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



mantemento do emprego nas fábricas de Cee e Dumbría. A pesar das pretensións da empresa de deixala sen efecto, cláusula que foi confirmada en dúas ocasións polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, en sentenzas do 5 de novembro de 2020 e do 9 de maio de 1996, polo que resulta conforme a dereito, ten carácter esencial e persegue un fin lexítimo de interese público.

Por iso, o comité entendemos que, antes de autorizar o incremento do caudal e/ou un novo proxecto hidroeléctrico, a Xunta debe comprobar que XEAL está cumprindo a cláusula nos termos en que é interpretada polo TSXG; é dicir, debe comprobar que, cando menos, o número de persoas empregadas nas fábricas de Cee e Dumbría e nas centrais non é inferior ao existente no momento de outorgamento da renovación da concesión de aproveitamento do encoro de Santa Uxía.

Non se podería entender que a Xunta, que leva anos ignorando as demandas do comité para intervir ante os ataques da empresa ao emprego e ás condicións laborais, así como as recentes peticións de reunións, lle consinta agora a XEAL seguir engordando os seus beneficios a conta do prezo da luz, mentres destrúe postos de traballo, recorta a produción e leva as fábricas á ruína.

A isto hai que sumarlle a recente decisión da Xunta de Galiza de deixar sen práctico a ría de Corcubión e trasladar a grúa de Brens.

A Xunta vén de recortar á metade os prezos do servizo de practixe na Ría de Corcubión o que ten provocado que a licitación quede deserta, deixando o porto de Brens inutilizado para poder descargar a materia prima que necesitan as fábricas e cargar o produto elaborado para a súa venta. Por se non fora abondo para rematar con calquera posibilidade de actividade no noso porto, tamén se vai trasladar a grúa de Brens ao Porto Exterior da Coruña.

Estas decisión da Xunta de Galiza supón un duro golpe á continuidade produtiva das fábricas de ferroalixes e ao mantemento dos postos de traballo, pero tamén a propia seguridade marítima xa que sin este servizo nin si quer se podería fondear na Ría no caso de emerxencia e polo tanto toda a Costa da Morte temos que responder con contundencia, ante o intento de desmantelamento dunha infraestrutura pola que tanto se pelexou, e que debería ser de vital importancia para o desenvolvemento económico da comarca, reclamando o dereito a traballar e vivir dignamente na nosa comarca.

A Xunta de Galiza polo tanto, faise cómplice deste desmantelamento con esta decisión de deixar inoperativo o porto e consinte as ilegalidades de XEAL ao non obrigarlle á empresa a cumprir coas cláusulas concesionais.

Por todos estes motivos, e ante o escrito do Comité de Empresa de Xeal Cee Dumbría e centrais Hidroeléctricas e o BNG solicitan ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Instar a Xunta de Galicia e Augas de Galicia que calquera autorización administrativa para novos aproveitamentos hidráulicos para a produción de electricidade (aproveitamento do caudal ecolóxico do encoro de Santa Uxía e proxecto de estación reversible de bombeo no monte da Ruña) deberá estar condicionado ao cumprimento da lexislación aplicable en vigor (incluída a medioambiental), ao cumprimento e acatamento pola Empresa das cláusulas concesionais dacordo aos termos interpretados recentemente pola sentenza do TSXG do 5 de novembro de 2020.

Segundo.- Instar a administración autonómica e empresa á presentación dun Plano Industrial e de Viabilidade das fábricas, tendo en conta que as actividades de xeración de enerxía eléctrica e de fabricación de ferroalixes forman unha unidade produtiva única, así como o restablecemento e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



fixación dun número mínimo de plantilla en relación o nivel de emprego existente no ano 2019, e da aplicación do convenio colectivo de Xeal Cee Dumbría Centrais Hidroeléctricas actualizado.

Terceiro.- Instar a todas as partes afectadas a apertura dunha negociación: Xunta de Galicia, Empresa, Concellos e Comité de Empresa a fin de darlle aprobación ao sinalado no apartado anterior.

Cuarto.- Instar a Xunta de Galicia e Ente Público Portos de Galicia a restablecer de maneira inmediata o servizo de practicaxe na Ría de Corcubión e revocar a decisión do traslado da Grúa do Porto de Brens

Intervén o Sr Domínguez García: sen estar de acordo coa Exposición de Motivos (EM) o noso grupo vai apoiar a moción a xunta estivo, está e estará a carón dos traballadores defendendo o emprego na comarca denegando a segregación das actividades eléctricas e industriais mantendo vixentes as condicións contidas en cada documento que conforman as concesións hidroeléctricas, o risco sobre actividade industrial están sellados a evolución dos custos enerxéticos que nos afecta a todos as industrias eléctrointensivas nos últimos anos, vamos votar favorablemente a pesar de non estar de acordo en moitos puntos sobre todo da Exposición de Motivos.

Sra Iglesias Lema: o noso grupo tamen vai votar a favor é unha crónica dunha morte anunciada fai uns anos a Xunta se posicionou con claridade na defensa da sentenza xudicial que obrigaba vincular as explotacións hidroeléctricas coas ferroaleacións e sen falar do mantemento dos postos de traballo que son de vital importancia para comarca e en concreto para o concello de Cee, referíndome o meu concello evidentemente o noso voto non pode ser doutro modo que a favor.

Sr Hermida: o noso grupo tamén está de acordo e vai votar a favor.

Sra alcaldesa: vaise votar a favor pero quero volver a matizar que como dixen anteriormente no mes de setembro presentaron un escrito dirixido a alcaldía, foi contestado, posteriormente presentaron un escrito solicitando a presentación da moción que o grupo socialista tamén a trae hoxe pero non ten sentido volver si a presenta Bng e se debata dobremente. Eu mantiven unha xuntanza con parte dos representantes do comité e lle fixen outra vez reiterar na procura na búsqueda dunha solución o problema existente e darlle traslado da obriga de iniciar un procedemento de actualización da concesión que regule os pronunciamentos do TXGA incorporando umbrais mínimos de garantía de dito título concesional, tivemos unha reunión de media hora con eles trasladouse dende o ámbito xurídico as posibles opcións e quedaron de que a súa letrada ibase a poñer en contacto comigo para tratar de mirar ou abrir unha vía para que de algunha maneira se actualice esta concesión para regulala e que quede dalgunha maneira regulados esos umbrais mínimos que nos garantan un nivel de emprego nas dúas empresas en Dumbría e Cee.

Sr Domínguez Louro: si se me permite simplemente, facer un apunte en canto o que acaba dicir a Sra alcaldesa, bueno os umbrais mínimos de postos de traballo como o di a propio escrito están fixados con relación o embalse de Santa Uxía e que a min persoalmente medo me da fixar eses postos de traballo nunha cifra porque case sempre saímos perdendo, sae perdendo a clase traballadora e por suposto tamén a costa da morte e Cee, o que está claro e xa o din perfectamente na moción o que non se pode permitir a esta empresa e que siga explotando cada vez mais o río xallas, si antes era dunha maneira con 3 centrais ampliarona con mentiras dicindo que era ampliación cando todos saben que son 3 novas, agora querían aproveitar os caudales ecoloxicos, incluso a perversión do propio mercado eléctrico bombeando auga en horas baratas para aproveitelas me parece a perversión do sistema polo tanto si todo iso se lle permite, que xa se lle permitiu abondo o mínimo é cumprir coas cláusulas concesionais e por suposto aumentar si aumenta a explotación hidráulica os beneficios ten que reverter na comarca aumentando os postos de traballo e tamén aumentando a contribución social que antigamente facía ferroatlántica e que esta dirección de Xeal abandonou en boa parte a Fundación Fernando Blanco un dos claros exemplos e moitas outras asociacións da comarca que viron como de un día para outro Xeal deixaba de participar nelas, dende logo a boca do BNG non a vai a calar porque por moito diñeiro que empregue para facelo con outra xente



Sra alcaldesa: unha matización antes referinme o umbral mínimo me refiro de garantía o título concesional implicaría: número de horas de funcionamento mínimo anual e o réxime de actividade dos centros produtivos asociados a actividade de ferroaleación que se estima como mínimo necesario para manter un nivel óptimo e adecuado de funcionamento, identificar e inventariar os medios técnicos, organizativos e produtivos necesarios para o mantemento ordinario da actividade de ferroaleacións, establecer un réxime de penalizacións o concesionario en caso de incumprimento dos mesmos, que puidesen derivar en última instancia no rescate da concesión, aprobar un programa específico de seguimento e control por parte da Administración do cumprimento continuado no tempo as anteriores exixencias e límites para a garantía do interese público e as condicións esenciais da concesión. Esos límites teñen que estar consensuados nun principio cos concellos afectados, comite de empresa e a iniciación do procedemento tería que realizarse por parte de quen sexa pero tramitado por augas de Galicia.

Sr Pérez Martínez: unha pregunta, esa reunión con parte do comité era formal informal,

Sra alcaldesa: pedíronme unha reunión e viñeron eles

Sr Pérez Martínez: como parte do comité

Sra alcaldesa: viñeron parte dos representantes do comité

Sr Pérez Martínez: Pero como comité

Sra Alcaldesa: buenos dixéronme que viñeron 2 e os outros non lle habían avisado, non sei si en representación de todo comité

Sr Pérez Martínez: non é unha reunión seria co comité

Sra alcaldesa: Considero que foi seria, co presidente do comité estaba o Presidente considero que é seria

Sr Pérez Martínez: Eso era o que quería saber

Sra alcaldesa: Si, estaba o presidente do comité

Sr Pérez Martínez: Dende este grupo pensamos que a repercusión económica que supón xeal en esta comarca é demasiado seria para que esta loita a encabecemos nos e non polas alcaldías dos concellos que deberían de ser as que tiraran do carro e reclamaran que se cumpra a concesión os termos da concesión que levamos así dende o 2016.

Sra alcaldesa: De acordo pero hai unha cuestión eu en febreiro mantiven unha reunión, alí nesa reunión que si estaba todo o comité o completo estou a disposición dinlle traslado contestei por escrito e para traballar de forma conxunta, evidentemente, eu respondo como alcaldesa por min non vou responder polo resto, eu estou a disposición deles e eles o saben perfectamente para facer o que haxa que facer e traballar de forma conxunta para buscar unha solución definitiva xa,

Sr Pérez Martínez: o comité son traballadores da empresa que non tiñan que estar coidando do sector industrial da CM o sector industrial da costa morte tiña que ser coidado polas alcaldía da CM non esperar sempre a que veña o comité hai que ser pro activo porque estamos falando dun sector dun porcentaxe do PIB desta comarca, tan importante como para que empecemos a tomar en serio algo que é evidente sobre todo despois do que esta pasando na ría desmontando a grúa e levando o práctico non sei que mais probas queremos de que isto vai cara unha segregación.

Sra alcaldesa: creo que temos que ir da mesma man, de forma conxunta, no mes de febreiro a reunión a convoquei eu, me di que ten que saír pero temos que ir de forma conxunta e traballar de forma conxunta non podemos ir os políticos por un lado e o comité de empresa por outro hai que traballar de forma conxunta.

Sr Domínguez Louro: en calquera caso hai unha cousa que dixó Vde neses puntos que anunciou e co que coincido plenamente, como co que acaba de dicir o compañeiro que imos cara unha segregación pouco a pouco encuberta, tamén coincido que chegado momento haberá que pillar o toro polos cornos e retirar as concesións se non comprenden porque o que pretende esta xente dende o principio é ir afogando pouco a pouco esa realidade, facer esa segregación os poucos cando o seu desexo era rematalo canto antes porque acababan primeiro pero o río está aí as turbinas van seguir xirando e si non son eles serán outras empresas as que estean dispostas a aproveitar eses recursos en Cee e



CM, eso como primeira alternativa e como segundo que a Xunta ou estado aproveitara eses recursos para crear riqueza e aproveitala directamente sen que haxa polo medio buíres que sempre acaban carroñando.

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

Sr Domínguez Louro: A terceira moción, a xustificación digo exactamente o mesmo a maneira de proceder neste mandato por unha parte e pola outra, como di a:

Moción polo remate da autovía da Costa da Morte, a mellora do transporte público, a eliminación das peaxes, a mellora da rede de telecomunicacións e a implantación dun ferrocarril de proximidade para a conquista dunha vida digna e sen desigualdades na comarca.

cremos que hai que tratala neste pleno simplemente porque se está nestes días debatendo os presupostos do Estado español e da Xunta de Galicia e co cal creo que canto primeiro se lle faga saber a ambas administracións as necesidades da Costa da Morte primeiro se darán por enteradas para que acepten a realidade desta CM e de Cee e se poñan a traballar canto antes para darlle un volco.

RATIFÍCASE A URXENCIA POR UNANIMIDADE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tivo que ser un **desastre como o do Prestige**, hai exactamente 20 anos, o que conseguíu poñer no mapa e nas pantallas da televisión a Costa da Morte, un territorio da periferia ao que se podía acceder por estreitas estradas con fochancas, ou mediante un transporte público en bus que che paseaba en zigzag durante horas dende ás cidades da provincia.

O Prestige, convertido nunha creba de ouro, dou orixe a aquel famoso programa Plan de Dinamización Económica de Galicia, bautizado polo Partido Popular como "**Plan Galicia**" que prometía actuacións nos sectores afectados, centrándose na **pesca e o marisqueo**, fortalecemento da pesca de baixura, potenciación da industria da transformación, a potenciación da acuicultura e saneamento das rías e do turismo.

Tamén contemplaba unha serie de actuacións específicas para a nosa comarca, na que sufrimos a catástrofe dun xeito directo, medidas de carácter horizontal en infraestruturas, propoñendo infraestruturas de comunicación (autovías e estradas comarcais e locais), infraestruturas eléctricas e gasísticas, a creación de solo industrial e novos portos, medidas para formación e o fomento do emprego e medidas de carácter sectorial para o turismo, artesanía e comercio.

Un plan aprobado no ano 2003 para unha comarca coma a nosa, que naquel entón contaba con **51.431 habitantes**, onde o **21.6% da poboación era maior de 65 anos**.

A taxa de crecemento vexetativo é negativa dende os anos 80 e **a renda familiar dispoñible é inferior á media galega**.

A día de hoxe, a poboación maior de 65 anos aumentou ate o 31,93%, despois de perder **case dez mil habitantes nos últimos 20 anos**.

No ano 2003, a comarca contaba cunha autovía Carballo-Coruña, AG-55, de 32,6 Km., inaugurada no ano 1997 e concesionada ata o ano 2045 e que mantén hoxe as peaxes de



cobro polo tránsito nela, cantidades que aumentaron ata case o 100% dende o seu inicio (2,60 € en total, polos tramos Coruña- Arteixo 0,55 €, Arteixo-Carballo 2,05 €).

No ano 2003, contabamos cun hospital comarcal, tamén inaugurado no ano 1997, pero funcionando dende 1998, con servizo de urxencias e de medicina interna, que evitaba o desprazamento de máis de 100 Km. á Coruña e unha morte segura nalgunhas urxencias, que si atoparon moitos outros veciños e veciñas tempo atrás.

A posta en marcha do “Plan Galicia” impulsou un leve investimento na Costa da Morte, medidas e programas que aínda hoxe, despois de case 20 anos, non se viron executadas, como o **remate da autovía ata Fisterra** (investimento previsto de 600 millóns de euros). Esta infraestrutura quedou a medio facer, paralizada en Baio e sen nin sequera rematar o tramo ata Berdoias. Un legado do señor Feijoo e do PP, que goberna dende o ano 2009 a Xunta de Galiza, e que nos afasta do famoso Porto Exterior en Punta Langosteira, a gran obra do famoso plan que revolucionaría o desenvolvemento económico do País, e que se desinchou co engano dos famosos contratos coa mexicana PEMEX, anunciados a bombo e prato polo señor Núñez Feijoo.

Ampliouse o peirao de Brens (cunha nova explanada de 33.702 m²), obra que rematou no ano 2012, facilitando o atraque de buques de maior lonxitude e calado, e que buscaba o incremento da actividade portuaria (de Ferroatlántica e de novos tránsitos) e o aumento da actividade turística coa chegada de cruceiros. O resultado está á vista, diminución da actividade nos fornos de XEAL, e turistas en modo anagrama. Nin mais nin menos que 14,5 millóns de euros investidos para moi pouco rendemento, tan pouco **que a día de hoxe se segue tentando desmantelar servizos como o caso do servizo de practicaxe que fará imposible o atraque de buques neste peirao.**

A raíz deste plan tamén se crearon dous polígonos industriais na comarca. En Cee, a través da Sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico” (SEA, S.L.) creouse unha superficie de solo industrial de 228.000 m² (41 parcelas), cun investimento de case 4 millóns de euros. As obras foron iniciadas no 2008 e entrou en funcionamento no ano 2013. A mesma sociedade estatal creou o polígono industrial de Vimianzo, que dispón dunha superficie de 330.000 m² (108 parcelas) cun custe de case 6 millóns de euros. As obras iniciáronse no ano 2007 e remataron no ano seguinte. Ata o día de hoxe, en Cee, só se venderon 12 parcelas, de 41 e en Vimianzo, 15 parcelas de 108. En definitiva, 10 millóns de euros investidos para tan pouco rendemento.

En canto o turismo, pois a construción do parador en Muxía, zona cero do desastre medioambiental, xunto a Carnota e Camariñas (as grandes esquecidas porque alí non gobernaba o Partido Popular). Púxose a primeira pedra no ano 2011, pero a maioría das obras executáronse realmente entre o ano 2016 e 2019, inaugurándose no ano 2020. O investimento foi de 25 millóns de euros, e leva camiño de ser a única medida que conseguiu alcanzar o seu obxectivo, aínda que 20 anos despois do seu anuncio.

Da alta velocidade, o famoso AVE, que aínda non dou chegado realmente a Compostela, quedando apeado en Ourense, mellor non falar. **A comarca adoce de infraestrutura ferroviaria, nin tan sequera un camiño de ferro de proximidade.** Tan só nos queda a lembranza dun proxecto do ferrocarril da costa (Coruña-Carballo-Corcubián) presentado ao ministro de fomento no ano 1921 e aprobado polo goberno no ano 1925. O resultado, frustrado no 36, está á vista de todos.

No ano 2011 comezaron as obras en Ruibo - Cee, dunha base de helicópteros de Salvamento Marítimo, que entrou a funcionar no ano 2012, e cuxo investimento ascendeu a 1,8 millóns de euros. O helicóptero, o Helimer 203, que costou 13 millóns de euros só



estivo operativo até 2014. A base segue a esperar a que o helicóptero faga o camiño dende Santiago ata Fisterra, igual noutro ano xacobeo.

No ano 2003, tan só había no tecido industrial de arredor de 1.800 empresas rexistradas, 5 empresas con máis de 50 traballadores, e 53 de entre 10 e 49 traballadores, entre elas Ferroatlántica, o propio hospital, algún concello e empresas do sector da acuicultura e conserva.

Todos estes investimentos e promesas incumpridas, non foron suficientes para cambiar a situación do panorama desolador que temos na Costa da Morte, que segue a ter un crecemento vexetativo negativo, que perdeu case 10.000 habitantes, que aumentou un 10% a poboación maior de 65 anos, e que conta cunha Renda media dispoñible bruta por habitante de 12.307 €, moi por abaixo da media galega establecida en 15.863 €, con só 7 empresas que superan os 50 traballadores e ca guinda de **verse relegada dos grandes investimentos industriais dos fondos NEXT GENERATION.**

A situación das telecomunicacións é tan lamentable, que seguimos cunha porcentaxe de cobertura de fibra óptica ínfima, que non da cuberto nin tan sequera os núcleos principais de poboación, xa non digamos os núcleos rurais que tanto queren potenciar dende a Xunta de Galiza, cos seus famosos slogans das campañas para evitar o despoboamento “vivir no rural” dicían. O Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración do Estado e o plan de banda larga 2020 da Xunta, que pretendían dotar de banda ancha de alta velocidade e maior calidade, non dan solucionado a fenda dixital existente en toda a comarca, aumentando a periferia que xa temos de seu. Unha situación que nos deixa atrás na estratexia Galicia dixital 2030 pretendida polo goberno galego. A isto hai que sumarlle os prezos das operadoras que instalaron a rede de fibra, que teñen o monopolio do mercado, e ofertan uns prezos moito máis caro que nas zonas urbanas, onde existe máis competencia. Nos poucos onde existe fibra óptica, despois de tantos anos de espera, pagámola a prezo de ouro.

O Plan de Transporte Público de Galicia que concreta a rede de transporte público de Galicia da competencia da Xunta de Galicia e que se aprobou a través da Lei 10/2016, **non fixo máis que reducir e menoscabar as conexións de transporte na comarca.** Tendo en conta a necesidade de moitos veciños e veciñas de acudir diariamente ao Hospital comarcal en Cee, non se deseñaron rutas específicas para cubrir diariamente as conexións con todas as localidades que abrangue o centro de saúde.

Elimináronse ducias de paradas e conexións nos núcleos rurais de toda a comarca, deixándoos illados de transporte público, encomendando o servizo baixo a demanda dos propios usuarios, ou relegándoos a utilizar o transporte escolar, en horarios intempestivos e incompatibles no día a día dunha persoa. É tal o labirinto enmarañado de horarios existente na paxina www.bus.gal, ao que calquera veciño pode acceder, que acabas antes de entender, indo andando ao teu destino. Un despropósito que desmantela os servizos públicos de transporte, que non melloran a redución de tempos nas conexións directas coas urbes, e que implica o uso particular de transporte entre as localidades da comarca, nun contexto no que a UE e o Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico pretenden reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e a utilización de enerxías derivadas de combustibles fósiles e potenciar o aforro enerxético.

Esta Xunta, que pretende facer da Costa da Morte, “un espazo turístico de calidade”, desatende as liñas de transporte que fornecen de turismo a nosa costa.

Por outra banda, a comarca segue sen ter un estudo de implantación dun ferrocarril de proximidade, que sirva para cohesionar o noso territorio, que o conecte coas grandes urbes e a rede estatal de ferrocarril, e sobre todo que se dote de capacidade para poder facer realidade o transporte de mercancías, conectando os polígonos industriais da



comarca co porto de Punta Langosteira, en Arteixo. Así mesmo, dado o crecemento da actividade turística xerada arredor do camiño Xacobeo a

Fisterra, é preciso estudar a viabilidade de conectar a comarca coa capital de Galiza, tamén a través dun ferrocarril de proximidade. Precisamos dunha infraestrutura ferroviaria que nos saque do atraso centenario ao que nos ten sometido os diferentes gobernos ao longo dos últimos cen anos. Non pode haber futuro nin desenvolvemento comarcal, se non nos dotamos das ferramentas necesarias para incentivar o investimento industrial e o progreso do turismo, que ademais de proporcionar o aumento da calidade de vida na veciñanza, fixa poboación no rural, e iso pasa pola creación de camiños de ferro na bisbarra.

En definitiva, que os veciños e veciñas da costa da morte seguimos vilipendiados polos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado Español, nun contexto no que o goberno do Estado xa dou os primeiros pasos para implantar un modelo de pago polo uso das autovías de alta capacidade. Non temos a autovía da Costa da Morte finalizada, e xa están cobrando peaxe antes de tela rematada. Vivir no rural, e en concreto nos nosos concellos sae moi caro, porque a pesares de termos as rendas medias máis baixas da Galiza, de pagar os mesmos impostos que o resto de contribuíntes galegos e de ter menos investimento en infraestrutura e comunicacións que o resto de Galiza, temos que pagar un incremento por ter os mesmos servizos. Calquera veciño ou veciña que teña que desprazarse ao hospital de Coruña ou de Santiago de Compostela, por non contar con ditos servizos no Hospital comarcal de Cee, debe pagar o transporte ata aló, altos custes de combustible, peaxes na autovía e nalgúns casos, custes de manutención, sobre todo se utilizas o transporte público, **pois cos horarios existentes é inviable ir e volver no mesmo día para xantar na casa.**

Facer trámites vía on-line, resulta en moitos casos imposible, dado a velocidade irrisoria existente, derivada de conexións vía satelital por falta de implantación de fibra na comarca. A ninguén se lle escapa que tamén vemos menoscabada a nosa posibilidade de competir en igualdade de condicións nun mercado cada vez máis globalizado, incluso competir na obtención de servizos. Cabe destacar o desenvolvemento do programa impulsado polo departamento de turismo da Xunta de Galiza, que ofreceu nos últimos anos Bonos de desconto do 40% para fomentar a actividade turística e favorecer a desestacionalización nos cidadáns galegos. Resultou sorprende que a convocatoria abría o prazo de solicitudes nun día determinado a partir das 12 da noite, e outorgando os bonos segundo orde rigorosa de solicitudes. En menos de cinco minutos repartiron os bonos, que de seguro foron para os que teñen conexións de rede de alta velocidade, impedindo que miles de veciños da costa da Morte, poidan acceder a ditos bonos solicitándoos desde as súas propias casas. Esta é outra das peaxes que pagamos por vivir no rural.

Por todo o exposto, precisamos e demandamos o apoio de todos os concelleiros e concelleiras da Costa da Morte, para exixirlle ao goberno da Xunta de Galiza no marco das súas competencias, as seguintes reivindicacións, polo que o pleno da corporación

Acorda:

- 1- Demandar á Xunta de Galiza o remate da autovía da Costa da Morte, tal e co se proxectou inicialmente, demandar tamén o enlace ao polígono industrial de Vimianzo.
- 2- Demandar á Xunta de Galiza a eliminación das peaxes existentes na autovía Carballo-A Coruña en todos os seus tramos.
- 3- Demandar á Xunta de Galiza un plan de transporte público real, cunha nova planificación das conexións para a costa da morte, que mellore as rutas e os tempos e amplíe as paradas aos núcleos rurais da comarca.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



- 4- Instar á Xunta de Galiza a iniciar os estudos de viabilidade dun servizo ferroviario de proximidade para a nosa bisbarra.
- 5- Demandar á Xunta de Galiza o impulso e execución dun plan de mellora das telecomunicacións e da dixitalización na comarca, acelerando a finalización dunha rede de fibra óptica que chegue a todo o rural.
- 6- Dar conta deste acordo ao presidente do goberno da xunta e a todos os grupos políticos do parlamento de Galiza.

Sr Domínguez García: dicir que o plan galicia foi un fraude non é a realidade porque como recoñece os polígonos industriais estan ai o porto a autovía está en Baio , asi sucesivamente cousas, non podo enumerar porque acabo de recibir agora, de fraude nada, estruturas como hospital non podemos pretender que teña os mesmos servizos co canalejo na coruña, sería imposible totalmente, pero está amplian do cada dia mais os servizos e si hai que ir unha vez a coruña antes había que ir mais, non é tan negro como o pinta Vde nin moito menos vamos votar favorablemente porque se piden cousas importantes para Cee pero insisto hai que recibilo con mais tempo poden haber feito consultas e contestar mellor pero acaba de recibila agora mesmo.

Sra Iglesias Lema: o noso grupo tamén vai votar a favor evidentemente non todo o que se plantea aqui ten a mesma prioridade, entendemos que deberíamos puxar na administración para que se levasen a cabo actuacións que teñan mais urxencia tamén vexo aqui o caso do practico que é unha aberración o que pasou e mais a inversión que se fixo no porto de Brens, o noso voto vai ser a favor.

Sra alcaldesa votamos a favor estando mais ou menos conforme coa EM e con relación as peticións ni estamos de acordo.

Sr Domínguez Louro: un pequeno apunte, so para contestar o compañeiro do que acaba de decir non esperaba tampouco que me dera a razón en todo evidentemente, pero bueno o hospital como sabe funcionaba xa antes do prestige e a realidade tamén nos da ca porta nos fociños, se perderon servizos e Vde sabeo ben, a realidade é un exemplo, tiven que ir o CHUAC acompañar unha persoa que ten que ser tratada ali que non hai servizo aquí é de entender nese caso, non pasaria nada, vin que o CHAC o van ampliar, en toda pola parte de arriba hai un lote de vivendas unifamiliares había carteles un que decia menos cemento mais persoal, aqui pasa o mesmo, pouco importa que vaiamos a reformar e no se que se despois imos invertir un millón de euros que veu o subdelegado de goberno e mais xente a prometer esa inversión pero a realidade é que despois desaparece o servizo de psiquiatría estes días a xente a coruña porque o TAC está estropeado, estivemos sin dermatólogo un lote de tempo e poderíamos seguir así mais, obriganlle a pillar celadores pero van despedir outra xente porque o unos o outros, non ten servizo de celadores, poderíamos seguir así pero igual estamos na mesma igual nos pasa o que dixen non sabemos que foi antes si o ovo ou a galiña, si estamos perdendo servizos porque non somos xente ou non somos xente porque perdemos servizo no hospital, creo que hai que reflexionar e neste caso celebro que vaia saír adiante a moción

Sr Domínguez García: a falta de médicos é xeneralizada non so en cee senón en toda España, o TAC é un aparto que o estarán reparando pasa en Cee e en calquera outro sitio hai un tac so non vai haber dous, un de repuesto, de feito agora hai un novo que foi doado por Amancio Ortega que o porán en marcha pronto, si falla un haberá outro pero si avaria unha cousa haberá que reparala digo eu

Sr Domínguez Louro: si home si e si hai que reparala canto menos as que teñan cita facilitarlle o viaxe a facer as probas noutro centro porque a realidade é a que dixen antes, hai xente que non se pode permitir ir a Coruña e xogamos con vidas humanas, algo falla no sistema entendo que poden pasar moitas cousas pero hai que telo previsto e a realidade comparativa na CM con outros sitios incluso cas cidades é un abismo en canto os médicos, bueno non se fabrican dun día para maña leva un tempo e unha previsión son os gobernos os que teñen que prever, agora os que farán falta dentro de 4,5,6,7 anos, si agora non os hai ou se planificou ben ou mal e se están marchando para Alemania,



Irlanda onde lle pagan mais, algo está fallando no sistema e algo terá que facer quen goberna na actualidade e quen gobernou antes.

Sométese á votación a Moción e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.

7. Rogos e preguntas.

Sr Domínguez García: simplemente preguntarlle que quedou de facer unha comisión polo centro comercial, cando a vai convocar.

Sra alcaldesa: estou pendente dun informe que solicitei en relación as peticións da xerencia do centro comercial a ver si para esta semana o teño e xa convoco a comisión.

Sr Domínguez García: no mercado non se vai facer nada

Sra alcaldesa: no mercado? porque di eso?

Sr Domínguez García: porque se fixo o proxecto

Sra alcaldesa: estamos esperando a subvención, creo que entre este mes no entre decembro e xaneiro ten que sair a resolución da subvención europea, nos requiriron para corrixir unha documentación e estamos pendentes

Sr Domínguez García: sigo pensando que se poderían facer cousas sin a subvención que pode vir ou non e hai moitas cousas que se poderían facer no mercado que está morrendo

Sr Pérez Martínez: facer cousas en vida, non?

Sr Domínguez García: antes que morran.

Sra Iglesias Lema: un día aquí nun pleno por unha pregunta que lle fixo o concelleiro do PP polo tema dos seguros das pólizas do seguros Vde comentoulle a el que a póliza de Responsabilidade Civil que lle habia dado a unha compañía de seguros directamente e se ían licitar as outras pólizas, voulle facer o meu planteamento. o outro día chegou un acta da Xunta de Goberno e víñan as compañías a miña pregunta é todas estas compañías a que saca a licitación é a compañía a que Vde lle fixo a carta de nombramento Willis, entón as compañías Mapfre, Generali, Plus ultra, Axa etc o que teñan aquí son axentes, mediadores, entón esta xente que xa non podía competir para licitar por exemplo si Vde ten un golpe nun coche no Concello e esta xente vai atenderlle? porque se son mediador non atendo, porque a comisión vai levala a compañía esta a que lle fixo a carta de nombramento

Sra alcaldesa: se sacaron a licitación directamente polo concello creo que foi a da flota a de responsabilidade civil dos traballadores e membros da corporación, creo, 3 lotes, presentáronse as compañías que se consideraron convinte, despois o outro, foi o que expliquei no anterior pleno, hai un convenio coa FEMP, a FEMP sacou a licitación e nos adherímonos porque economicamente fixéronse os estudos correspondentes pero foi licitado pola FEMP, non é directamente

Sra Iglesias Lema: pero verdadeiramente, non sei cantos cartos falou aquí se aforraban pero cal é a ganancia do Concello porque esta xente tributa aquí, son do pobo creo que antes de sacar unha licitación ou facer unha carta de nombramento, porque as comisións vai ser a FEMP non sei si un 10 ou 20 % e WILLIS IBERIA salvo que Vde faga unha carta de nombramento os axentes que haxa no pobo, entón non ten sentido, ou si, si o aforro é tremendo, si é moi grande ben pero sinon ou se saca todo o paquete a licitación, antes de sacalo chamar a xente das compañías de seguros que hai aquí ou sacar a licitación e que se poidan presentar porque ante este monstruo non se pode presentar está claro, si temos un aforro de 8 ou 9000 pode axustarse algo porque son veciños de aquí, teñen pisos aquí, alquileres así o final ven unha compañía de fora e son os que levan a comisión eu si son Mapfre, Generali, Plus ultra, Axa, o que sexa veñen a miña porta por un golpe e dígolles vai Vde o Concello e que lle arreglen o tema porque eu non vou levar un peso, para traballar polo mundo, o final van a vir aquí, e o que eu considero.

Sra Alcaldesa: vamos a ver, os seguros hai que sacalos a licitación, Vde o sabe perfectamente que de forma continua todos os meses hai un reparo de intervención polo tema dos seguros, o que se está

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



facendo dende o goberno é tratando de ir eliminando ese tipo de reparos, o tema dos seguros cando cheguei o que se fixo foi unha auditoría para saber a situación e nos encontramos que algún seguro o custo era 10000 euros mais porque tiñan unha póliza bueno moi alta ,se fixo a auditoría e se sacaron a licitación, por exemplo da flota de todos os vehículos podían presentarse os que consideraran convinte, e se presentaron, senon se presentou ningún de aquí non podo contratar directamente

Sra Iglesias Lema: e non se pode o paquete enteiro porque agora a willis douselle toda a postestade dáselle todo e licitan eles e levan a comisión

Sra. alcaldesa: o da flota que son todos os vehículos do concello, porque tiñamos un nun seguro outro noutro con distintos vencementos o que se fixo foi aglutinar e sacamos toda flota conxunta de vehículos e non se presentou ningun de aquí.

Sra Iglesias Lema: e que non poden competir

Sra. alcaldesa: nin o intentan, pois hai que sacalos a licitación
inteleixible

Sra. alcaldesa: mapfre se presentou, o que propoñen é igualmente manter a contratación directa como se mantiña ata agora e había reparos

Sra Iglesias Lema: e Vde agora con esas pólizas que saíron do mesmo modo que fixo carta de nombramento para WILLIS pois quen leve os coches mapfre facer directamente a carta os mediadores para que sexan eles os que cobren a comisión e non o monstro este.

Sra. alcaldesa: Willis, o que fixo foi a auditoría non leva o seguro, agora un está con Allianz outro Helvetia non me acordo de todos os seguros, cada un, a FEMP fixemos un convenio

Sra Iglesias Lema: willis é quen leva a comisión de Mapfre, Axa, Allianz de todas, si lle fai unha carta de nombramento os axentes de aquí, o mellor poden cobrar a comisión porque son os que tributan aquí e os que son do pobo e nos interesan si é posible

Sra alcaldesa: non é posible unha carta de nombramento, nos agora chamamos as compañías correspondentes. Eu non fixen unha carta de nombramento. Willis fixo unha auditoría porque a FEMP asacou a licitación para facer as auditorías dos concellos e nos adherimos a ese convenio e fixo a auditoría e estudos correspondentes e logo algúns se sacaron a licitación e outros nos adherimos a licitación que fixo a FEMP. A flota e RC sacamos nos directamente e podían presentarse as que quixeran.

Sra Iglesias Lema: pero a que se van presentar agora

Sra alcaldesa: como pasa con todo, ten que ser un proceso de licitación aberto a todos eu non podo restrinxir eso, non podo dar unha carta de nombramento nin contratar directamente.

Sra Iglesias Lema: quería preguntarlle primeiro darlle a enhoraboa a asociación da Xunqueira porque foi capaz de facer festa ata as 5 o que Vde non conseguiu na Xunqueira como vimos o cartel para fin de ano, queríamos saber cal vai ser a colaboración do concello de Cee coa asociación porque pon que colabora.

Sra alcaldesa: colabora non, organiza o concello de cee e a asociación.

Sra Iglesias Lema: que vai aportar o concello.

Sra alcaldesa: o concello o que pon foi, o tema da disco móbil o ano pasado a CDC ibamos facer a festa fin ano a ultima hora o tema do Covid nos ristringiron novamente que tiñamos que pechar creo que a unha da mañá e tuvemos que cancelar, a partir de aí quedou apalabrado reservado dalgunha maneira a CDC para poder celebrarse, o concello pon a CDC pola asociación se puxeron en contacto co concello porque querían montar a carpa e nos poñeremos a CDC, porque xa estaba apalabrado dende o ano pasado que non se fixo coa pandemia

Sra Iglesias Lema: a actuación do ano pasado foi por unha petición da oposición non sei si recorda pq Vde tirou a proposta dos hosteleiros do Combo Dominicano a partir de aí pedimos toda a oposición o pleno e o 5 de decembro todos mandamos un escrito tamén, para o que o 31 os rapaces non tiveran que marchar etc etc que Vde fixese todo o posible para que o día 31 se celebrase a festa. Despois viñeron as retrições e fíxose o 5 de marzo, fíxose igual non creo que quedara a CDC do ano pasado porque se fixo en marzo o meu entender e por outra parte o que si entendo e non entendo porque a



festa se fai aí de novo porque sabe que vai perxudicar a hostalería como pasou a festa anterior entendo que a asociación gañe cartos que traballen oxalá teñamos unhas festas maravillosas pero non pode ser que o concello de cee lle faga competencia a hostalería de cee ten que ir da man da hostalería e non a competencia cando veñen petar a porta non facilita e logo do desastre da festa de cee poñemos toda a carne do asador pola conta atrás, e facemos todo o que sexa e vai facilitarlle todo, tamén lle digo que os hostaleiros tributan en cee a mesma vontade que ten para unha xente ten que tela para outros, cando lle veñan aténdalos ben porque é o que ten que facer, sabe que pasou na october fest que a maior dos bares cerrou porque se concentra aí, según me dixeron que non a sigo nas redes nin escoito nin nada porque non me apetece, polo que me dixeron, Vde dixo que na praza porque podía ser na alameda, non podía ser porque a tiña ocupada, non sei si é o centro de interpretación de neria o que vai ocupar aí ou non sei o portal de belén, entón cal é o problema para poñela alá ou aquí, cortala calle, cal é o problema

Sra alcaldesa: o ancho da calle non da para a carpa ten que ter 10 metros

Sra Iglesias Lema: hai que quitar unha farola, si llo di os hosteleiros paganlle eles quitar a farola 200 ou 300 euros

Sra alcaldesa: son 6 metros o que ten o ancho

Sra Iglesias Lema: pero cando ven a París de Noia que se fixo, non cabía?

Sra alcaldesa: había carpa

Sra Iglesias Lema: pero falamos de espazo non?

Sra alcaldesa: hai que ter o espazo correspondente, na festa esta da cerveza october fest, que estes bares non tiveron xente, houbo xente, o podo asegurar, houbo xente que esperou ata 3 horas para poder comer ou picar algo, estaban todos os bares petados

Sra Iglesias Lema: oxalá sexa así todas as festas que haxa

Sra alcaldesa: estaba cheo

Sra Iglesias Lema: necesitan que se lle bote unha man

Sra alcaldesa: a hostelería de cee tampouco se reduce a 5 ou 6 bares do centro

Sra Iglesias Lema: falo en xeral

Sra alcaldesa: tamén existen outros bares o redor, coa festa que houbo aquí non soamente houbo xente nos bares de aquí, houbo xente no atrio, no club, no express, no gallego, en todos os bares, tampouco hai unha distancia que estamos falando de kms está todo super cerca.

Sra Iglesias Lema: porque tamén acompañou a noite porque si chove, somos así. Teño que nas Resolucións da Alcaldía, hai unha factura que se vai a devolver de 907,50 euros dun empresario de aquí de Cee non vou mencionar podía explicar que pasa porque falamos casi de 1000 euros.

Sra alcaldesa: a que hai un informe de dous traballadores, pode ver na resolución que hai un informe dos traballadores que manifestan e se dou traslado o empresario para alegacións e en función delas se tomará a decisión correspondente.

Sra Iglesias Lema: gracias pola camiseta

Sr Domínguez Louro: en canto o que levan falando un par de apuntes gustárame que os seguros como outras actividades económicas que teña o concello quedasen no pobo, como xa resumiu a portavoz de IXCee todo o que quede en Cee estupendo, eu levaría o reparo non teño ningún problema, rían primeiro,

si algun día Vde está aquí falamos de novo

Sr Domínguez Louro: nos rimos todos que é unha pena, as risas non se escoitan porque apenas se escoita falar, en calquera caso, a primeira pregunta que ía facer, é a que acaba de facer a portavoz de IXCee por esa factura que é devolta a un empresario de Cee, en calquera caso, non vou entrar nin porque se devolve nin na versión dos dous empregados que eso respecto profundamente o que si hai que evitar é que pasen estas cousas haberá que establecer un mecanismo para que non se volva a suceder, é dicir, si se manda reparar algo alguen ou calquera historia similar terá que haber antes un documento firmado ou tal si é que non existe esa forma de proceder porque senón podemos estar ante repetición destes episodios que non vou a xulgar.



Sra alcaldesa: si hai un mecanismo establecido que coñecen todos os traballadores, pedir o presuposto correspondente, facer un RC (retención de crédito), ese RC ten que estar autorizado por min co Visto Bo ou anotación de Intervención, si hai un mecanismo e coñecen todos os traballadores,.

Sr Domínguez Louro: entón hai que pulilo

Sra alcaldesa: xa o saben

Sr Domínguez Louro: para que non pasen este tipo de historias, porque ademais non é so a factura, que evidentemente podemos entrar si estivo mais acertado por un lado ou por outro, pode pasar mañan que haxa unha urxencia e esa persoa que reparaba esa maquina nos di que non e estamos nun problema, en canto o resto, detrás do edificio de Benedicto, naquela explanada grande queixase a veciñanza que onde non aparcan os coches aparte de maleza hai lixo tirado e sería bo proceder a limpeza e deixalo en orde. En canto a estrada de Touriñán que nos toca a nosa parte, xa lle preguntei si estaba recepcionada a obra e volvo a facer.

Sra alcaldesa: ainda non está recepcionada nin nos deron traslado de nada, so comunicaron o arranxo da ponte pero non está recepcionado. Puxéronse os quitamedos que está ben, para seguridade de persoas e vehículos pero achicaron tanto a estrada e pode ser que non haxa saídas pero xa houbo casi accidentes, entón creo que unha vez recepcionada deberíamos de acudir alí e ver si os quitamedos se poden desprazar un pouco cada un para fora pegado as barandas porque é certo que seguramente se deixou para que haxa un sitio entre a baranda e quitamedos para pasar andando pero alí é imposible chegar porque non se chega andando, suceden duas cousas, estreitase a vía e pode ser un problema porque poden atoparse dous coches e por outro o revés si alguen pasa andando que a verdade non pasa moita xente vai ter que pisar a estrada porque para dentro é moi difícil pasar a non ser que saltes porriba do quitamedos, cando sexa nosa creo que deberiaselle dar unha volta a iso, si é posible e ver de restablecer aquilo o que era antes. Outra parecida tamén é sobre a Rectoral de Lires que lle fixen un apuntamento no Pleno de setembro sobre que actualmente para as crianzas que andan a volta que xogan por ali e poden meterse para adentro debería estar cerrado hoxe pasei por ali está en malas condicións tampouco se lle debería deixar estar así, pero polo menos estar tapiada e ninguen se mete dentro. E si non o fan eles teremos que facelo nos, porque teño medo que poda pasar algo e unha desgraza e todos queremos evitalo, o meu compañeiro ten un par de cousas que quería unha ler e outra falar.

Sr Pérez Martínez: hoxe estivemos falando aquí de algo moi importante para o que é a estrutura económica e social da Costa da Morte e antes de Cee, o tema de Xeal, agora queremos falar de outro tan importante ou mais que é temos un rogo referido o hospital, quero ler o rogo: si hai algo que nos une de maneira transversal e o feito de que recoñecemos a importancia de ter un hospital entre nos un feito que rematou coa labor de taxista matrona que tiñamos ganas de radicar, non podemos seguir na actitude conformista actual, seguir coa de mellora e progreso que nos levou a disfrutar dos servizos do hospital, non nos pode parecer normal que teñamos que seguir desplazando a coruña por unha simple consulta no Chuac, Ventorillo Abente y Lago estamos a vivir como a poboación da Costa da Morte se traslada para as visitas de control de doenzas neorolóxicas, cardiolóxicas, siquiátricas, dermatolóxicas, reumatolóxicas etc e eso non pode ser, se temos un hospital na Costa da Morte son os galenos desas especialidades os que deben desprazarse ata aquí ou estar aquí existir esas prazas aquí ata o noso hospital para atender os pacientes da nosa bisbarra e debemos reclamar esos servizos isto ademais de incrementar a calidade do servizo sanitario unha mellora da renda da veciñanza non nos ingresos pero si pola redución notable do capitulo de gastos de desprazamentos inxustificadas, cremos que estamos a falar dun tema que non ten discusión e debe unir a todos os grupos políticos deste concello, por eso propoñemos solicitar unha reunión de todos os grupos políticos deste concello co conselleiros de sanidade para trasladarlle as nosas inxedanzas estas e outras demandas aportadas polos demais grupos desta corporación e que poña os medios para reclamarlle, para que a costa da morte sexa atendida como merece dentro da área sanitaria da coruña que non está sendo así, repito estamos a falar dun tema que non ten discusión eso propoñemos solicitar unha reunión de todos os grupos políticos deste concello co conselleiro de sanidade para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



trasladarlle as nosas inqedanzas e que poña os medios necesarios para que a Costa da Morte sexa atendida como merece dentro da área sanitaria da coruña xa que non está sendo así.

Sra alcaldesa: vale.

Sr Pérez Martínez: que vos parece podemos comentar esto?.

Sr Domínguez García: o rogo é para alcaldesa.

Sra alcaldesa: pola miña parte non hai ningún tipo de problema si estades de acordo fago a petición non hai problema para semana solicito a reunión ou entrevista co conselleiro onde iremos unha representación de cada grupos.

Sr Pérez Martínez: estamos de acordo?.

Sra Alcaldesa: supoño que non hai ningún problema por parte de ningún.

Sr Pérez Martínez: pretendemos como dixemos no inicio do escrito que sexa algo transversal no fin de conseguir mellorar esta situación.

Sra alcaldesa: solicito como alcaldesa en nome da corporación unha reunión.

Sr Pérez Martínez: como estaba dicindo eu en vez de ir a xente a Coruña que veña o conselleiro aquí, aforramos CO2.

Sr Domínguez Louro: pode vir en bus que lle leva 3 horas.

Sr Pérez Martínez: esto foi verdade o outro día dixéronme na rúa, carallo e logo os plenos non se podían escoitar con esa calidade de son que tivo a declaración de prensa da alcaldesa, a rolda de prensa, eu creo que si.

Sra alcaldesa: pois gravaron cun móbil igual.

Sr Pérez Martínez: Deberíamos ter esa calidade de son porque cada vez a xente escoita mais os plenos.

Sr Domínguez García: intentan escoitar.

Sra alcaldesa: eu escoito perfectamente.

Sr Pérez Martínez: ten un oído privilexiado.

Sra alcaldesa: Eu escoito ben.

Sr Dominguez García: no presuposto

Sra alcaldesa: temos que poñer unha partida para gravación un equipo de son, vale, anoto

Sr Pérez Martínez: en serio non pode ser tan complicado, é penoso, mellor non poñelo porque que mais da poñelo que non poñelo

Sra alcaldesa: Pois eu de verdade que o escoito perfectamente non teño que poñer auriculares eu escoito.

Sr Pérez Martínez: os que non temos super oído ...

Ás 21:15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.